

editorial

AS SECCIONS DE BRANA

Neste número do Boletín temos xá unha primeira aproximación de estruturación do mesmo, tal como xá se sulñara no numero anterior, aparecendo aquí as diferentes seccions coas que se tenta diversificar e clasificar organicamente o contido da revista pra así facela mais lixeira e racional. Polo de agora estas seccions son as seguintes: *Editorial*, onde se quere recolle-la problemática na que se inscribe o que facer cotián da Sociedade Galega de Historia Natural; *Ciencia e Sociedade*, onde se prantexan as cuestións mais novas da proxección da ciencia sobor da sociedade galega en particular, e a universal, en xeral; *Traballos*, na que se axuntan os de mais densidade científica, e que polo mesmo ven se-lo núcleo fundamental do Boletín; *Ciencia sin fronteiras*, recolle en sínteses ou resume traballos feitos fora do Estado pró que teñen unha importancia especial pró coñecemento ou mellor entendemento da realidade do medio natural galego; *Publicacións*, son resúmenes comentados dos libros ou monografías publicadas recentemente e que teñan por tema a Historia Natural do País; en *Espacios Naturais* recolleráse un traballo científico que teña como obxectivo o estudo dun espazo natural galego concreto dun xeito integrador, e por iso escolleráse de preferencia aqueles que teñan unha nidia vocación interdisciplinar na súa metodoloxía; *Crónica*, recolle noticias ou avisos da Sociedade ou de interés xeral prós socios da mesma; e a *Bibliografía*, en derradeiro termo percura sintetizar concisamente por unha banda, aquelas publicacións feitas nas revistas do Estado que teñan por obxecto o medio natural galego, e pola outra as tesinas lidas nas facultades universitarias galegas que teñan por temas obxectivos mais ou menos semellantes.

REFLEXIONS SOBOR DO MEDIO NATURAL TERRESTRE EN GALICIA.

O concepto de "medio natural".- Nas polémicas que nestes derradeiros anos, se veñen sucedendo sobor

do problema da contaminación no País, estáse a barallar de cotío o concepto de "medio natural" como algo que a Natureza nos deixou como herdanza de milleiros de anos e que o home non fai mais ca estragar coa súa actividade explotadora. Sobre todo cando esta entra de cheo no que se entende como actividade industrial.

Mais, con todo, o concepto aínda que moi manexado, non é nada doado de definir e aínda menos de interpretar dentro do seu significado cumpridamente polivalente. Primeiramente, o mesmo concepto non é algo estático e inamovible, senon que é levado da evolución que abrangue todo o vivinte e polo tanto sofre a corresponden transformación histórica. E así, como exemplo temos que se ben é certo que hoxe o xenero *Pinus* non parece formar parte do noso ecosistema natural, está xa ben probado que hai uns poucos milleiros de anos tiñamos agromando por todos os montes do País o *Pinus silvestris* e quizabes que tamen na súa parte máis meridional o *Pinus pinea*. O cambio climático que veu despois, unido o traballo explotador do home neolítico foron os que deron boa conta destas masas forestais, que ben certo é que eran daquela xenuinos representantes do noso "medio natural". Co castiñeiro acontece algo parello: no paleolítico non o tiñamos, na cultura neolítica e sobor de todo nos tempos romanos xa aparece por todo o País ata o dazanove, en que a praga da "tinta" vai finando con el. Dende a nosa perspectiva de hoxe é máis natural o seu xurdimento grazas a man do home neolítico ou a súa desaparición pola actividade da praga? Certamente non é doada a resposta.

O equilibrio do "medio". - Con todo iso vemos xa a realidade que ten o concepto de "medio natural" cando se entende como algo estático e inamovible. Máis real e de acordo coa teoría ecolóxica é o interpretalo "medio" como algo en continuo equilibrio -feito e desfeito o traveso do tempo- cunha morea de factores que tampouco son estables é que o condicionan. Cando segundo esta perspectiva se estuda este equilibrio decatámonos que un dos seus factores decisivos, sobre todo o achegármos ós tempos históricos, é a actividade humana: primeiramente cunha agricultura incipiente e sinxela de "estivadas", despois xa nun perfeccionamento crecente, co cultivo cerealista, coa agricultura de "tres leiras", etc. Parelamente, xorde a actividade industrial que xa de un xeito máis radical enceta a explotación esixente e intensiva do noso medio natural. Neste papel do home como factor da evolución do medio, pódese sinalar que na súa primeira etapa, a que poderíamos chamar de "explotación agrícola", coidouse pouco, pola conta que

lle tiña, de manter un certo equilibrio co medio devolvéndolle unha boa parte da fertilidade que lle arrincaba. O que xa non parece tan claro é que nos tempos actuais de "explotacion industrial" do medio, o equilibrio é algo pescudado, e inda menos acadado, polo home.

Compre polo tanto profundar nos termos deste equilibrio (??) do medio de cara a unha explotación industrial do mesmo. Partindo do feito indiscutible de que o home ten que explota-lo medio no seu proveito temos que admitir de principio unha certa alteracion do mesmo. Alteracion que non ten por que ser necesariamente unha degradacion ou dexeneracion, e así pódese afirmar que tanto son sistemas en equilibrio a fraga da Rogueira no Caurel coma as explotacións de millo e patacas do País cando nelas se lle devolve a terra a súa fertilidade coas cantidades de esterco que eran tradicionais na agricultura galega. E cicais tamen unha explotación forestal con especies de medra rápida, cando os "aclareos" se fan de tal xeito que o seu ritmo de extracción de nutrientes se xa mais ou menos coincidente co de rexeneracion dos mesmos no solo pola alteracion natural do material orixinal.

O problema esta, polo tanto, no na alteracion do medio, senon na conservacion no mesmo dun certo equilibrio entre as perdas e ganancias de materiais.

A explotación intensiva do medio. - Parece estar ben claro polas experiencias que se coñecen que os maiores ritmos de extracción das maís esixentes agriculturas intensivas podense compensar engadindo unha axeitada cantidade de abono. O mesmo tempo, nas terras de vocacion forestal non parece que as "cortas" leven o ritmo de rexeneracion natural do solo, polo que se fala tamen do emprego masivo de fertilizantes pra facer cara a demanda crecente de madeira. E decir, que o equilibrio do medio nun reximen de explotación intensiva do mesmo pódese acadar co emprego masivo de fertilizantes, o que conlevaria a existencia dunha infraestrutura industrial mínima pra súa manufacturación, ou a dependencia total do mercado extranxeiro. E aquí xorde o gran problema, a posibilidade dun autoabastecemento en fertilizantes. No caso dos nitroxenados as posibilidades teóricas existen, e as veces tamen as reais (ahí temo-lo complexo Das Pontes) mais no caso dos fosfatos a dependencia é indiscutible con respecto as compañías transnacionais que os comercializan. E aínda que fora certamente acougante falar da solidariedade internacional no caso deste produto, mais necesario pra supervivencia da nosa sociedade cō mesmo petróleo (lollo o da-

to!) o certo é que non acontece así, e as leis do mercado libre do "tanto o necesitas tanto mais che cobro" funcionan á perfección cos monopolios dos fosatos.

Polo tanto unha intensificación da explotación do medio leva parella unha dependencia meirande do mercado mundial dos fertilizantes, é dicir a imposibilidade dun abaratamento dos mesmos, o que se traduciría nunha medra rápida dos desequilibrios sociais en correlación ca medra do produto bruto (ahí temos como exemplo as "revolucións verdes" da India e do Paquistán). Compre po-lo tanto matinar noutros modelos de desenvolvemento diferentes o capitalista, e as veces socialista, da "meirande produtividade" e nos que a pescuda do equilibrio non sería só a nivel do "medio natural" senon tamen, e sobre todo, do que se entende como "medio ecosocial".

Alternativas intermedias de desenvolvemento.- Nelas parece que o obxectivo non é tanto a meirande produtividade ou calidade do produto, se non algo que, inda que non ben definido aínda, se coñece máis ou menos como "alternativas intermedias" de desenvolvemento e nas que o espazo económico esquece en certo xeito a perspectiva universalista das transnacionais pra se concretar en extratexias máis rexionalizadas (no seu xeográfico do termo) e aínda comarcalizadas. Nelas as tecnoloxías a empregar teñen que esquecer o seu clásico obxectivo do máximo PNB pra se concretar noutros, cales poden ser os que define a "biotecnoloxía" do grupo americano da *Radical Agriculture* sobor das bases de que:

- a) a súa meirande eficacia de funcionamento seña cara as capas máis probes da sociedade.
- b) seña comprensible e utilizable pola xente de baixa cultura.
- c) consinta na evolución de pequenas comunidades descentralizadas, é
- e) se poida facer a nivel local e que eisixa cantidades relativamente cativas de axuda financeira.

En Galicia aínda esta por se definir cal pode ser o seu modelo "alternativo" de desenvolvemento, máis nesta liña andan a traballar equipos de especialistas dos que podemos agardar orientacións clarificadas.

Baixo estas novas perspectivas a explotación do medio remítese a unhas coordenadas onde o equilibrio

do espacío económico é a súa lei básica, e dende ela participase no intercambio mundial. Non se arreda do comercio transnacional, se non que este se practica dende unhas bases dunha meirande autoafirmación e integración rexional. E pola experiencia que se ten de outros eidos estes modelos son moito menos esixentes cō "medio natural", e os problemas da súa explotación que hoxe vemos agromar con certo medo, non chegan nunca a acadar niveis abraiantes.

A contaminación industrial. - Pra remate deixamos adrede o problema da contaminación do medio de orixe industrial, que tantos regueiros de tinta fai correr. En Galicia hai exemplos recentes dos que temos cun prida información polos medios habituais de difusión (celulosas, nucleares, termicas, embalses, etc.) e nos que se prantexa dun xeito directo o problema da agresión destas industrias ó medio acuático en primeiro termo, e secundariamente, ó terrestre. Con eles pódese dicir que deixando a unha veira a problemática do medio acuático (moi complexa e grave, e prá que tiñamos que lle adicar outra Editorial de extensión semellante), no caso do terrestre, teñen aínda unha importancia relativa se facemos comparación cos problemas que se prantexarian caso dunha explotación irracional do medio polo-las actividades agrícola ou forestal. Estas abranguerían a meirande parte do País, mentras que as outras farían só sobor duns cantos miles de hectareas. E se pódese permitir unha certa taxa de contaminación nas terras de ocupación industrial, débese ser esixentes o máximo pra acadar unhas extratexias equilibradas pra agricultura e selvicultura do País. E de aquí tamen, e xa se remata, a necesidade urxente dunha "ordenación do territorio" pra poñer as industrias onde menos amolen e estraguen, e deixar valeiras pra unha agricultura intensiva as poucas terras que en Galicia temos de primeira calidade.